



## Concello de Monterroso

---

### **BASES REITORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA CUBRIR, CON CARACTER INTERINO, UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO.**

#### 1.- CONVOCATORIA

As presentes bases teñen por obxecto establecer o procedemento de selección temporal no Concello de Monterroso para o acceso á condición de funcionario interino nos supostos previstos no artigo 10 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).

A praza que se convoca así como as funcións a desempeñar sinálanse no Anexo I das presentes bases.

O persoal seleccionado prestará servizos nas unidades que se indiquen no Anexo I das presentes bases, sen prexuízo de que por necesidades motivadas do servizo poidan prestalos en unidades diferentes do Concello, conforme ás normas de aplicación.

O anuncio do extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, e as bases do proceso selectivo no taboleiro de anuncios e na páxina web da Entidade ([www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)).

#### 2.- REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES:

Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que reúnen os requisitos que seguidamente sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superadas as probas selectivas, antes de que se dite resolución de nomeamento, agás no suposto de compatibilidade, que é suficiente a acreditación antes do inicio da relación de servizo.

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que aspira.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de **ser**

---

### **Concello de Monterroso**



## Concello de Monterroso

---

nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Posuír ou estar en condicións de obter o Título académico esixido no Anexo I das presentes bases.

No caso de Titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

- f) Cumprir, no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que se formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

### 3. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo II destas bases e que tamén se facilitará no Concello e na páxina Web da Entidade ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral do Concello, ou a través das formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

O prazo de presentación será de **15 días** naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados acreditaranse conforme se establece na base 4.3.

Rematado o prazo de presentación de instancias o Tribunal publicará a lista de admitidos no Taboleiro de Edictos e na páxina web da Entidade, outorgando un prazo máximo de 2 días naturais para que os excluídos aleguen o que consideren. Resoltas as reclamacións, publicarase a lista definitiva no Taboleiro de Edictos e na páxina web da Entidade, ou darase por definitiva a lista provisional se non houbera reclamacións ou se estas non foran suficientes para a súa consideración.

Os sucesivos chamamentos ou convocatorias, e, en definitiva, calquera decisión que adopte o tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante ata a finalización das probas selectivas ou, de ser o caso, a fase de concurso, serán expostos nos locais onde se desenvolvese

---

### Concello de Monterroso



## Concello de Monterroso

---

o exercicio anterior ou nos que se sinalen no último anuncio. A dita exposición bastará, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos. O chamamento para a sesión seguinte dun mesmo exercicio deberase realizar cun prazo mínimo de antelación de doce horas, mentres que a convocatoria para un exercicio distinto deberá respectar un prazo mínimo de corenta e oito horas.

### 4.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

#### 4.1.- FOTOCOPIA DO DNI OU PASAPORTE

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

#### 4.2.- MÉRITOS DEBIDAMENTE ACREDITADOS

A) Documentación acreditativa dos méritos.

Deberase acompañar a solicitude coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca, mediante:

- Certificado de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado de copias cotexadas dos contratos de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego) ou certificado de servizos prestados expedidos polo organismo oficial.
- Copia autenticada da/s titulación/s e cursos.
- Currículo debidamente documentado e acreditado, ou calquera outro documento que probe de xeito indubidable a posesión destes.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.



## **Concello de Monterroso**

---

### **5. - TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

#### **5.1.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros:

**PRESIDENTE:** Un funcionario que designe a Alcaldía.

**VOGAIS:** Tres técnicos ou expertos designados polo Sr. Alcalde- Presidente do Concello.

**SECRETARIO:** O da Corporación ou funcionario que se designe.

Por cada membro do Tribunal nomearase un suplente.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por resolución do Sr. Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso á praza que se convoca.

A abstención e recusación dos membros do tribunal será de conformidade cos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

A composición do Tribunal publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web da Entidade ([www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)), xunto coas datas da realización das probas 72 horas antes de iniciarse estas.

#### **5.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN.**

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

### **6.- O SISTEMA DE SELECCIÓN SERÁ O CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE**

#### **7.- FASE DE OPOSICIÓN**

Se fose necesario polo carácter urxente do procedemento selectivo, a fase de oposición e os exercicios da mesma poderán realizarse sen interrupción.

A fase de oposición será previa á do concurso. Consistirá na realización de tres probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes.

---

## **Concello de Monterroso**



## Concello de Monterroso

---

Os aspirantes serán convocados en chamamento único. Serán excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

En calquera momento, o tribunal poderá requirirles aos opositores que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do carné de conducir.

A fase de oposición consistirá nas seguintes probas:

### 7.1.- PROBA DE COÑECEMENTOS XERAIS E ESPECÍFICOS.

Contestación a unha proba que consistirá nun exercicio de carácter teórico sobre:

a) Coñecementos xerais relacionados coa Administración Pública en xeral e coa Administración Local en particular.

b) Coñecementos específicos en relación co posto de traballo a desempeñar e/ou as funcións a realizar.

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado no Anexo I.

Estes exercicios teran carácter teórico e a súa finalidade é que os aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre o programa antes sinalado.

O exercicio consistirá nun exame tipo test sobre os contidos do programa.

Exposición por escrito dun tema (ou parte do mesmo) dos contidos no temario correspondente ao apartado Materias Específicas, sorteado polo Tribunal inmediatamente antes da realización do exercicio.

O Tribunal poderá solicitar ao aspirante que lea dito exercicio, así como formular preguntas sobre o contido do tema ou solicitar aclaracións, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa dos coñecementos de cada aspirante.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio

### 7.2.- PROBA PRÁCTICA

Consistirá nun exercicio que permita valorar a aplicación dos coñecementos e capacidades dos aspirantes a un suposto concreto, así como coñecer as súas habilidades e destrezas. Esta proba práctica simulará un suposto que poida darse no desempeño do posto que se convoca e



## Concello de Monterroso

---

poderá consistir na realización material da mesma ou na indicación do itinerario a seguir (fases, trámites, solucións a problemas, etc.), na realización da mesma, materializando ou sinalando algunha destas fases.

O Tribunal poderá propoñer ao aspirante que o lea diante do Tribunal.

Este exercicio valorarase ata un máximo de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 15 puntos.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

### 7.3.- PROBA DE GALEGO

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece:

“...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes segundo se determine no Anexo I as presentes bases.

Este exercicio é obrigatorio e eliminatorio.

### 8.- FASE DE CONCURSO

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos aspirantes que superasen todos os exercicios.

#### 8.1.- BAREMO DE MÉRITOS

##### A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase a experiencia profesional segundo os seguintes criterios ata un máximo de 7 puntos.
--



## Concello de Monterroso

---

- a) Desempeñar ou ter desempeñado o posto de traballo ou similar ao que se convoca, ou realizar as funcións deste, na Administración Pública, ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma, como funcionario ou contratado laboral.
- No caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo ou superior, valorarase a razón de 0.15 puntos por mes.
  - Se o posto se considera similar, a puntuación será de 0.15 se este fose de grupo de titulación superior, 0.10 se fose do mesmo grupo de titulación e 0.075 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares dentro dunha área de actividade, escala ou subescala.
- b) Cando a experiencia profesional acreditada fose desempeñada en Entidades Privadas.
- No caso que se desempeñe o mesmo posto de traballo, valorarase a razón de 0.075 puntos por mes.
  - Se o posto se considera similar a puntuación será de 0.075 se este fose de grupo de titulación superior, 0.060 se fose do mesmo grupo de titulación e 0.040 se fose dun grupo de titulación inferior. Entenderase por posto similar aquel que conteña algunha das funcións do posto que se convoca ou funcións similares.

### B) TITULACIÓN ACADÉMICAS:

A puntuación máxima neste apartado será de 3 puntos.

As titulacións académicas distintas á esixida na convocatoria, sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza á que se opta, valorarase a razón de 1 punto se a titulación é do mesmo nivel e 2 puntos se a titulación é de nivel superior.

Se a titulación fose moi relevante para o desempeño do posto valorarase con 3 puntos.

### C) CURSOS, ESTUDOS, RELACIONADOS COAS FUNCIÓNS DA PRAZA Á QUE SE OPTA:

Valoraranse segundo a seguinte táboa ata un máximo de 7 puntos.



## Concello de Monterroso

CURSOS DE	PUNTUACIÓN POR HORA
ASISTENCIA	0,02
APROVEITAMENTO	0,03
IMPARTICIÓN	0,08

Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza á que se opta.

### D) IDIOMA GALEGO

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

O coñecemento do idioma galego puntuarase do seguinte xeito:

- CELGA 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º, 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas 1 punto.

Outros cursos. En función do interese para o desempeño das funcións da praza, duración e outros criterios obxectivos, o Tribunal poderá puntualos ata un máximo de 2 puntos.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

Só se lle concederá validez, polo que á acreditación do idioma galego se refire, aos Cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

### 8.2. OUTROS MERITOS

Poderán valorarse ata un máximo de 1 punto.

Serán aqueles que sin ser expresamente valorados nos apartados anteriores podan considerarse polo Tribunal como complementos formativos que redunden nun mellor grado de coñecementos e cualificación no desempeño do posto de traballo.

Poderán acreditarse experiencias laborais, asistencia a seminarios, congresos e calquera outro mérito que considere o interesado aportar.

---

## Concello de Monterroso





## Concello de Monterroso

---

### 8.3. ENTREVISTA CURRICULAR

A entrevista valorarase ata un máximo de 5 puntos.

A entrevista terá como finalidade apreciar o grao de madurez e dominio dos coñecementos, formación e experiencia acreditada no currículo, en relación coa praza á que se opta. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca.

### 9. - CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, tendo en conta o artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría da Administración Pública Galega se verificara a infrarrepresentación do sexo feminino, o empate resolverase a favor da muller. No suposto de que o empate se produza entre dous homes ou entre dúas mulleres no concurso- oposición, este resolverase acudindo á puntuación obtida no primeiro exercicio da fase de oposición e, se mantén, acudirse á puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que se resolva.

### 10. - PROPOSTA DE SELECCIÓN

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía-Presidencia, sen que esta poida superar o número de praza convocada. Dita proposta publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na web da Entidade ([www.monterroso.es](http://www.monterroso.es)).

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas para posibles substitucións no supostos de que se produza incidencias en relación á praza convocada.

Non obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran o nomeamento de

---

### Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como funcionarios interinos.

### 11.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

O aspirante proposto presentará no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria

O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no Taboleiro de Edictos, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

### 12. - RESOLUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder á praza que se convoca, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo nomeando funcionario interino o aspirante proposto e formalizando a toma de posesión.

### 13.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de



## Concello de Monterroso

---

aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso- Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

### 14.- RECURSOS

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria e que é definitiva en vía administrativa, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

En Monterroso, 25 de maio de 2016.

O Alcalde,

Asdo.: Jesús Otero Calvo